



Aínda que non fose unha novidade para os non afeitados a comungar con pan de millo, sorprendéronnos as declaracións do presidente do Congreso a unha cadea de televisión. Revelou o que oficialmente se trata de ocultar. Que o reparto a esgalla das autonomías tiña como obxecto tranquilizar os ánimos castrenses, prestos a desenvaiñar no caso de que a Constitución institucionalizase cunha descentralización descafeinada a fragmentación do Estado, recoñecendo o carácter plurinacional do mesmo se quedaba reducida a Euskadi, Galiza e Paisos Catalàns. O señor Bono pecou de inxenuo, pois sacou á luz o que se ocultaba na sala de mandos dos cuarteis. Ou sexa, que a Constitución Española pasou polas urnas despois de pórse firme ante a xerarquía militar. E non era o noso o exército de Abril. Os seus xenerais gañaran os primeiros galóns loitando no bando dos sublevados contra o pobo, e dirixiran durante a ditadura os torturadores da Brigada Político Social. A PIDE portuguesa era endogámica. A BPS de aquí, un apéndice castrense. Por certo, teño sen resolver a dúbida sobre a orixe etimolóxica desta palabriña. Non sei se vén de castro ou de castrado. Polas expresións habituais na linguaxe cuarteleira, sempre a enfatizar o valor dos atributos xenitais, a raíz parece derivar do segundo termo.

Mesmo que a identidade do Estado unitario quedase ben amarrado no texto constitucional, o título oitavo mantíña o exército coas orellas guichas, pois nos tres estatutos aprobados –vasco, catalán e galego– aparecía a palabra nacionalidade, á que os militares non lle dan outro significado ca o que ten: o significado de nación. Era un café descafeinado, ben é certo, pero ao fin e ao cabo café. Por tanto, botando man dos testículos de Tejero, dos tanques de Milán e dos escuros contubernios palacianos, que ningún historiador ten a ousadía de airear, a España golpista meteuse no Congreso, encomendándolle ás baionetas a defensa dunha estrutura estatal que por democracia non se pode defender. ¿O resultado? Despois da misión cumprida os cabezas de turco marcharon á cadea. Os ideólogos, antes de que o fulgor dos sabres se apagase, chamaron a palacio aos artesáns da Constitución e léronlles a cartilla. O café, aínda que descafeinado, había que substituílo por chicoria e repartiilo urxentemente por toda a xeografía.

Así comezou o carnaval das autonomías, un proceso aínda sen rematar, pois están sen recoñecer nesta altura os dereitos históricos de Carabanchel Alto dentro do Estatuto

madrileño. Nalgúns casos a institución autonómica sobrepuixose á provincial ou municipal, vagamente delimitadas as funcións de cada unha delas. Asturias, ademais do bable tén a sidra, e a cultura da *espicha* en perigo de extinción. O nome de Rioja, que se inventaron para Logroño, coído que sería por receos de que os vascos lle disputasen a propiedade duns viños que o pequeno Oja deixa tamén por terras alavesas. Perigo inexistente, pois os abertzales teñen no txacolí o caldo identitario. A separación das Castelas é menos comprensibel. ¿Será por incompatibilidade do Quixote co Cid Campeador? A Mancha, a máis nova, tén a súa identidade no mel da Alcarria. A outra, a máis vella, nas fabas do Barco de Ávila e no leitón de Peñaranda. De Canarias non vou falar, pois nin a mesma hora comparte con España. Vella colonia á que os godos lle borraron o pasado, agás o silbo, que o pobo guanche conserva para dar testemuño da súa prehistoria. Tanto nas illas como en Ceuta e Melilla é onde sigue a osmar o fociño imperialista, agardando recuperar a presa que lle fuxiu das poutas.

En efecto, o carrusel autonómico inventado por esta Iberia de cornúpetas –de mihuras e victorinos– é de brincadeira. O sainete non remata aquí. A innovación institucional trouxo tamén a renovación do vocabulario utilizado na comunicación de masas. Fixádevos nos prognósticos do tempo, por ser o exemplo que

temos máis a man. Agora a choiva deixou de caer por territorios. Os temporais collérona coas distintas autonomías. Eu, con quen máis disfruto é cos agoreiros da televisión galega. Vai chover ou facer sol na nosa comunidade. De ventos poida que algo saiban. Relacionar fenómenos físicos con expresións conceptuais é mesturar os allos coas cebolas. ¿Tan repugnante lle resulta o nome de Galiza, xa anterior ao Estatuto? As autonomías volvéronse cobizosas e protestonas. Reclaman os mesmos poderes que as súas conxéneres de Euskadi ou Cataluña. A máis caladiña é a galega, con taxiada quizais pola resignación dos nosos emigrantes. Alá polos oitenta, visitando o Ministerio de Cultura entre unha compañeira nacionalista e máis eu, un burócrata ao que lle solicitamos información espetounos: “¿E vostedes de que autonomía son?” Ficamos cortados, como o rapaz a quen o mestre lle preguntou polos “años” que tiña. Eran os anos nos que o novo Réxime comezaba a andar e non estabamos aínda familiarizados aínda co léxico da burocracia madrileña. Díxonos tamén que con iso das transferencias autonómicas

## A Constitución Española pasou polas urnas despois de pórse firme ante a xerarquía militar. E non era o noso o exército de Abril



ao seu departamento quedáballe pouco que facer. Moi acertado. Pouca cultura se podía agardar dun Ministerio que tiña nas súas dependencias funcionarios que en lugar de traballar lían o Alcázar. A única excepción era a do noso informante, leitor do ABC. De alí a uns días produciuse o golpe de estado.

Desde hai tempo os nacionalistas vimos reclamando unha revisión constitucional que adecúe o modelo de Estado á súa estrutura plurinacional. O que Telesforo Monzón repetía: adaptar o chapeu á medida da cabeza e non a cabeza á cabida do chapeu. Pois España, erre que erre, a xibarizar cabezas. Algo normal nun país con cerebro en miniatura que mantén institucións públicas que ousan modificar a historia alterando a frase lapidaria da nai de Boabdil. ¿E non haberá un vergallo para escorrentar estúpidos? Entre estes e o "morra a intelixencia" de Millán Astray pouca diferenza existe. O modelo autonómico instituído pola mal chamada transición democrática –xa o dixo Óscar Alzaga-, serviu de tapón para frear o perigo das aspiracións nacionalistas. E máis que nos contidos estatutarios, reducidos por imperio constitucional, o antídoto está na trivialización das institucións que foi a que conseguiu apaciguar os temores que rebulían nos cuarteis.

O galimatías non remata aquí. Competencias xa transferidas seguen contando con despachos ministeriais en Madrid e nas correspondentes delegacións provinciais. Cousa de tolos. Ningún dos Estados europeos con modelos federais conta coa aberrante estrutura institucional do español. A cousa ía indo, pois sendo un invento custoso resultaba politicamente rendíbel para o ideario españolista. Pero a máquina ficou sen control, en perigo de esmendrellarse se non se lle atopa unha vía morta

onde metela. Á engrenaxe rompéronlle os piñóns. Este é o dilema. Ou suprimir ou reformar a fórmula. Madrid culpa da desfeita financeira á periferia autónoma. Os problemas sempre se agravan cando tocan a carteira. ¿Reformar a Constitución precisamente naquilo que a transición considerou talismán para rebaixar a tensión nacionalista? Sería aventurado furgar no avespeiro. ¿Meter o dente nas comunidades máis rebeldes por estar dotados de personalidade nacional, algo ben visto pola reacción civil e militar? Ademais de quitar o mel da boca das burocracias creadas polos respectivos Estatutos, xa homologados, para máis inri, os do 143 cos da disposición transitoria, volveríase ao problema das dúas Españas que co modelo caduco se pretende solucionar. E os militares teñen os seus blindados no artigo 8 da Constitución.

Teño escoitado algúns programas televisivos sobre o tema. Os contertulios, tan linguateiros noutras cuestións, atráncanse nesta pois está claro que non hai solución dentro do sistema que defenden. A construción dun novo Estado só pode facerse sobre a demolición do vello. A hora das fórmulas transitorias e conciliadoras acabouse. Imporemos o pacto federal cando tomemos a independencia como punto de partida. A mentalidade española non dá máis de si. A desgraza estivo en converter en corte unha canella de gando trashumante.

## A construción dun novo Estado só pode facerse sobre a demolición do vello. A hora das fórmulas transitorias e conciliadoras acabouse

BAUTISTA ÁLVAREZ